



**REALIZACIÓN DE LABORES DE DESBROCE A PREZO
SUBVENCIONADO**

O Concello de Outeiro de Rei prestará o servizo de desbroce de fincas de particulares a prezo de custe.

Sobor este prezo, o Concello de Outeiro de Rei outorgará unha subvención, que pode acadar o 100% do prezo do desbroce.

As parcelas deberán ubicarse dentro da franxa de 50 metros de distancia dos núcleos rurais ou zonas habitadas.

Os prezos da prestación do servizo de desbroce (sen incluír a subvención) son os seguintes:

- Monte baixo: 35euros/1000m² ou fracción
- Monte alto: 50euros/1000m² ou fracción
- Desbroce manual: 90euros/1000m² ou fracción.

O Concello de Outeiro de Rei outorgará subvencións por contía de 50.000 euros, que se repartirán entre os solicitantes das labores de desbroce.

En función do número de solicitudes e natureza e extensión das labores de desbroce solicitadas, a contía da subvención poderá acadar ata o 100% do prezo do desbroce, polo que os propietarios unicamente deberán aboar ao Concello de Outeiro de Rei á cantidade resultante de restar aos prezos sinalados, a contía da subvención recibida.

O prazo para solicitar a realización das labores de desbroce e o outorgamento da subvención remata o vindeiro **día 10 de abril de 2007**.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Xunto coa solicitude, deberán aportar a seguinte **documentación:**

- Fotocopia do DNI.
- Copia do título acreditativo do dereito (propiedade ou arrendamento) sobor a parcela.
- Cédula parcelaria, certificación catastral ou plano de situación, se se dispón destes documentos.

As bases da convocatoria e os modelos de solicitude poderán obterse nas dependencias municipais ou no BOP do 21 de marzo de 2007.

En Outeiro de Rei, a 20 de marzo de 2007

O Alcalde

Asdo.: José Pardo Lombao.